## EXERCICIOS DE CORTES XEOLÓXICOS DO LIBRO

**ACTIVIDADES**

**10.** Observa os seguintes cortes xeolóxicos, aplica os principios da datación relativa e responde as




1. Arenitos; 2. Conglomerados; 3. Arxilas; 4. Margas; 5. Calcarias; 6. Evaporitas

**Corte n.º 1:**

*a)* Que tipo de estruturas tectónicas observas?

*b)* Que acontecerá antes, a dobra ou a falla? Argumenta a túa resposta.

*c)* Indica o bloque elevado e o bloque afundido pola falla.

*d)* A falla é anterior ou posterior ao estrato n.º 2? Que principio aplicas para deducilo?

*e)* Debuxa a columna estratigráfica.

*f)* Escribe a historia da zona.




1. Pegmatita; 2. Auréola metamórfica; 3. Granito; 4. Calcarias; 5. Margas; 6. Arenitos; 7. Calcarias; 8. Arxilas; 9. Arenitos; 10. Conglomerados

**Corte n.º 2:**

*a)* Que tipo de formación é a n.º 3?

*b)* A que se debe a formación n.º 2?

*c)* A formación n.º 1, é anterior ou posterior á n.º 3? Argumenta a túa resposta.

*d)* Indica os tipos de descontinuidades que observas e como se xeraron.

*e)* Debuxa a columna estratigráfica.

*f)* Escribe a historia da zona.




1. Apilita; 2. Arenitos; 3. Arxilas; 4. Arenitos; 5. Conglomerados; 6. Calcarias

**Corte n.º 3:**

*a)* Que tipo de deformación provocou que os estratos 4, 5 e 6 non estean horizontais?

*b)* Localiza a falla, sinala o bloque elevado e o afundido. De que tipo de falla se trata?

*c)* Que tipo de formación é a n.º 1?

*d)* Debuxa a columna estratigráfica.

*e)* Escribe a historia xeolóxica da zona.




1. Granito; 2. Auréola metamórfica; 3. Lousas; 4. Basalto; 5. Calcarias; 6. Conglomerados

**Corte n.º 4:**

*a)* Sinala a falla, os bloques elevados e afundidos, e indica de que tipo é.

*b)* Localiza as superficies de erosión.

*c)* A falla, é anterior ou posterior á n.º 1? Argumenta a túa resposta.

*d)* Debuxa a columna estratigráfica.

*e)* Escribe a historia da zona.